

RESUMO BIOGRAFÍA RICARDO CARBALLO CALERO

Boas tardes! Neste telexornal, iremos seguindo paso a paso a biografía de Ricardo Carvalho Calero, desde o seu nacemento en Ferrol ata o seu falecemento en Santiago de Compostela, pasando polos seus anos como universitario, como militante do Partido Galeguista, de docente en Lugo ou de académico da Real Academia Galega.

Comentado [u1]: Amarelo: Guille

PRIMEIROS ANOS (1910- 1926)



Ricardo Leopoldo Ángel José Gerardo Carballo Calero naceu o 30 de outubro do 1919 en **Ferrol** e foi o maior de seis irmáns.

O falecemento da súa nai fixo del, nas súas propias palabras, un neno triste.

Comentado [u2]: Rosa: Sabela

Dende moi axiña destacou no académico. O seu mestre Manuel Comellas deixou nel unha fonda marca.

Con 16 anos marchou a **Santiago de Compostela** a comezar a carreira de Dereito.

Comentado [u3]: Amarelo: Alex

ANOS DE XUVENTUDE (1926- 1932)

Co paso pola Universidade, poi achegándose ao Galeguismo.

É un estudante brillante que remata a carreira de Dereito en 4 anos.

Forma parte do Seminario de Estudos Galegos e ten contacto co Grupo Nós.



Comentado [u4]: Rosa: Hugo

Dende 1931 comeza a súa militancia no Partido Galeguista. Participa en mitins a favor do Estatuto de Autonomía e, xunto con Lois Tobío, redacta un dos seus borradores.

Comentado [u5]: Amarelo: Xiana

OS ANOS PREVIOS Á GUERRA (1932-1936)

No 1932, cos estudos e o servizo militar rematados, volta a Ferrol. Alí, aproba as oposicións ao corpo administrativo do Concello.



Comentado [u6]: Rosa: Gabriel

Nese mesmo ano, en 1932, hai voda. Casa en Baleira (Lugo) con M^a Ignacia Ramos, quen coñeceu na Universidade.

Comentado [u7]: Amarelo: Valeria

No 1935, remata a carreira de Filosofía e Letras e prepara as oposicións a mestre de instituto. Como vedes, estudiaba moito.

Comentado [u8]: Rosa: Aroa

Marcha examínase a **Madrid** e aproba, pero, estando aínda na capital, **estala a Guerra Civil**. Ao mesmo tempo coñece o nacemento da súa primeira filla, **Margarita**.

Comentado [u9]: Amarelo: Lorenzo

OS ANOS DA GUERRA E POSTERIORES (1936- 1941)



Formou parte do batallón *Félix Bárzana*, do sindicato FETE-UGT. Participou na defensa de **Madrid, Valencia e Andalucía**.

Ao remate da guerra, en abril de 1939, foi feito prisioneiro en **Xaén**, onde **combatía**.

Comentado [u10]: Rosa: Nikol

Foi condenado a 12 anos de cadea que acabaron sendo dous. Pasounos nun convento convertido en cárcere e voltou a **Ferrol** no 1941.

Comentado [u11]: Amarelo: Mateo

ETAPA LUCENSE (1950- 1965)



Ao regresar a **Ferrol** no 1941, en liberdade condicional, atópase con que non pode exercer nin a docencia nin a avogacía. Por fin pode reunirse coa súa familia: **coñece á súa filla Margarita**, que ten 5 anos.

No 1942, nace a segunda, Victoria.

Comentado [u12]: Rosa: Lía

A súa muller, M^o Ignacia, ten relación con empresario e humanista Antonio Fernández López que ten en marcha un novidoso proxecto educativo en Lugo: o Colexio Fingoi.

Comentado [u13]: Azul: Lucas

Alí se trasladan. Carvalho exercerá como director, do centro aínda que non pode figurar oficialmente. Nesta etapa recupera a súa produción literaria.

Comentado [u14]: Amarelo: Otto

A DÉCADA DOS 50

Carvalho volta a escribir. Participa na creación da **Editorial Galaxia**. Entra na **Real Academia Galega (RAG)**. Algunhas das súas obras:

Comentado [u15]: Rosa: Alba

"A xente da Barreira" 1949

Esta obra en galego gaña, sorprendentemente, un premio da editorial Bibliófilos Gallegos.

É a primeira novela publicada en galego dende a Guerra Civil.



Comentado [u16]: Amarelo: Yéremi

"Salterio de Fingoi" 1961



O autor regresa á poesía con "Anxo de terra" no 1950. No 1952, publica "Poemas pendurados dun cabelo". Esta produción poética remata no 1961 coa publicación da obra que escribiu mentres estaba en Lugo.

Comentado [u17]: Rosa: Ángela

Editorial Galaxia fundada en 1950. Carvalho particida na súa posta en marcha.



Nesta editorial tamén publican os seus traballos de investigación como "Sete poetas galegos" no 1955.

Comentado [u18]: Amarelo: Diego

Real Academia Galega



No 1958, Carvalho entra a formar parte da Real Academia Galega, cun discurso de ingreso sobre Rosalía de Castro.

Comentado [u19]: Azul: Tristán

No 1965, con 54 anos, aproba novamente a oposición para o ensino secundario. Elixo como destino o Instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Comeza a dar clase de Lingua e Literatura Galegas na Universidade de Santiago e en 1972 foi designado como primeiro catedrático de galego da universidade compostelá.

Comentado [u20]: Rosa: Noelia



Ao chegar á universidade detecta que non hai textos de referencia para o alumnado e decide elaborar os fundamentais. Así, publicou "Historia da literatura galega contemporánea" e "Gramática elemental do galego común", ámbalas dúas coa editorial Galaxia.

Comentado [LB21]: AZUL: BRAIS

Na última etapa da súa vida, segue defendendo a postura de que a lingua galega é una variedade da lingua portuguesa. Esta postura é chamada: reintegracionismo. Para el era unha postura coherente co obxectivo de garantir o futuro da lingua.

Comentado [LB22]: Amarelo: Xabela

OS DERRADEIROS ANOS



Foi nomeado **membro de honra** da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e da **Associação Galega da Língua (AGAL)**, así como da Academia de Ciências de Lisboa.

Comentado [u23]: Rosa: Alicia

No **1984 recibiu a medalla de Castelao** da Xunta de Galicia, na primeira edición que se outorgaba este galardón xunto con outros persoeiros como **Ánxel Fole, Antonio Fraguas ou Valentín Paz Andrade**.

Comentado [u24]: Amarelo: Antón

No **1990, o concello de Ferrol outorgoulle o título de Fillo Predilecto** da súa cidade natal. O 25 de marzo do mesmo ano, Ricardo Carvalho Calero **faleceu** na súa casa da **Carreira do Conde en Santiago de Compostela**.

Comentado [u25]: Laura